



CONCELLO DE REDONDELA

## **SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE SAN VICENTE DE TRASMAÑÓ, CELEBRADA O 20 DE OUTUBRO DE 2015**

### **ORDE DO DÍA**

- 1.- Aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Dar conta da anulación dos orzamentos participativos do exercicio 2015.
- 3.- As obras de saneamento da parroquia de Trasmañó.
- 4.- Presentación de propostas para o cambio de finalidade do Colexio de Trasmañó.
- 5.- Varios

No Centro Cultural de San Vicente de Trasmañó, sendo as vinte horas e vinte e cinco minutos do día vinte de outubro de dous mil quince, baixo a Presidencia do concelleiro MIGUEL ANGEL ALVAREZ BALLESTEROS, da comezo a sesión coa asistencia, ademais, dos seguintes membros:

### **GRUPOS POLITICOS:**

PSOE – DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ  
PP – MARIA JOSÉ BARCIELA BARROS  
B.N.G. - JOSÉ LUIS GRANDE GRANDE

### **ASOCIACIÓNES CULTURAIS:**

ALVARO RICÓN GONZÁLEZ  
ANA SANTOMÉ SANTOS  
JOSÉ RICARDO EXPÓSITO ALONSO, incorporouse á sesión ás vinte horas e corenta minutos

### **COMUNIDADE DE MONTES:**

FERNANDO MAGDALENA RODRIGUEZ  
FERNANDO MAGDALENA BLANCO  
JOSÉ LUIS RIOBÓ GIL



CONCELLO DE REDONDELA

**ASOCIACIÓN DE MULLERES:**

CARMEN CABALEIRO LAGO, incorporouse á sesión ás vinte horas e corenta e cinco minutos.

**NON ASISTIRON:**

DANIEL CABALEIRO NOVELLE, representante do grupo político A.E.R.

EMILIO PARADA COVELO, representante das Asociacións Culturais.

ABELINO ALONSO CRUZ, representante da Comunidade de Montes.

MARIO SÁNCHEZ ÁLVAREZ, representante da Comunidade de Augas.

JESÚS BAMBA VÁZQUEZ, representante da Comunidade de Augas.

AGUSTÍN FERNÁNDEZ ALVAREZ, representante das Asociacións Deportivas.

**INCIDENCIAS.-**

Aberta a sesión pola Presidencia, comezase co primeiro punto do orde do día que é a aprobación da acta anterior (celebrada o día 9 de febreiro de 2015): don Fernando Magdalena Blanco advirte un erro no apartado 5 do punto primeiro indicando que onde di: "Fernando Rodríguez Blanco" debe dicir: "Fernando Magdalena Rodríguez", sendo aprobada polos votos de todos os presentes coa abstención de don Miguel A. Alvarez Ballesteros.

A continuación pásase ao punto seguinte que é o de “Dar conta da anulación dos orzamentos participativos do exercicio 2015”.

O Presidente comunica que os orzamentos participativos para o ano 2015 quedan anulados.

Don Fernando Magdalena Blanco pregunta se se anularon en todas as parroquias ou só na parroquia de Trasmañó.

O Presidente di que en todas as parroquias. A isto todos os presentes piden explicación de o porqué se anularon.



CONCELLO DE REDONDELA

Dona Rosa Digna Rivas pide ó presidente que lea a acta da sesión de pleno onde se aprobou a anulación.

O presidente le o punto 6 da orde do día da sesión ordinaria celebrada polo Pleno do Concello de Redondela celebrada o día 30 de xullo de 2015:

(.....)

**"6. PROPOSTA DE REPARTO DE ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS PARA O ANO 2015.**

***ANTECEDENTES***

*Ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local de data 24 de xullo de 2015 que se transcribe a continuación:*

*“No orzamento do ano 2014 prorrogado para o ano 2015 para este Concello consta a aplicación orzamentaria 1531A/61951 para os orzamentos participativos.*

*A súa vez, a base 82ª das bases de execución do orzamento, tamén prorrogadas, recolle que:*

*“Base 82ª – Orzamentos participativos.*

*Recóllese unha partida para orzamentos participativos do 1% do total do orzamento do 2014 sen contar coas subvencións de capital, e que deberá ser aprobado o reparto do mesmo polo Pleno da Corporación de Redondela.”*

*E para dar cumprimento da citada base, proponse a esta Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local:*

*PRIMEIRO.- Dando cumprimento ao establecido nas bases propor que o reparto entre os diferentes consellos parroquiais se faga de xeito lineal.*

*SEGUNDO.- Que se continúe co procedemento establecido na normativa local para a realización das actuacións.*

*Votacións e dictame.- A comisión informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local, en votación ordinaria, e cos votos a favor do PP , e as abstencións do PSG- PSOE, AER e REDONDELA PODE , e 1 voto en contra do BNG , estimaron oportuno ditaminar favorablemente a proposta.”*

**INTERVENCIÓNS**

*A concelleira QUINTANS COSTOYA di que vaise a abster xa que considera que podería mellorarse a distribución para facer máis efectivo o reparto do diñeiro.*



CONCELLO DE REDONDELA

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o BNG votou en contra na comisión porque se produce unha modificación do regulamento orgánico de Redondela ao establecer a representatividade das comisións informativas introducindo o voto ponderado como un elemento perverso, delegando parte desa representatividade no voto dun único concelleiro. Está en contra desa fórmula por considerala non democrática. En canto aos orzamentos participativos tamén maniféstase en contra por crearse unha partida dun xeito lineal para todas as parroquias provocando un confrontamento entre os distintos colectivos sen que isto repercuta na mellora dos servizos nesas parroquias. Non considera que sexan orzamentos participativos e estima que deberían investirse noutras cousas aparte de infraestruturas. Anuncia o voto en contra.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que cando propuxeron os orzamentos participativos pensaban en que se fixaran unhas bases para establecer o modo de funcionamento máis axeitado nas parroquias. Votarán en contra.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que aínda que hai catro anos se felicitaron pola iniciativa dos orzamentos participativos pensan que habería que ir más alá. Sinala que a cada parroquia correspón denlle sobre 13.000 euros sen ter en conta as singularidades de cadansúa delas. Considera que habería que decidir entre todos cales son as necesidades parroquiais pero non de manera estanca entre parroquias senón de xeito máis participativo e global e a estos efectos e pon como exemplo a Deputación de Lugo. Votarán en contra porque estiman que debería facerse doutra maneira.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que a participación se artella a través dos consellos parroquiais xa que estes son os que deciden en qué se empregan os cartos poñéndose de acordo entre os representantes dos distintos colectivos. Pensa que a oposición quere implantar o seu método e non lles gusta que decidan os veciños. Di que o concelleiro do BNG non aportou nada sobre este tema na comisión informativa de Facenda, nin tampouco o PSOE. Non entende por qué o PSOE e AER cambian o voto da comisión. Admite que ao mellor é necesario cambiar o método pero aínda están sen nomear os representantes políticos nos consellos parroquiais que xa se pronunciaron sobre o que querían que se fixera e non aprobalo suporá unha maior demora.



CONCELLO DE REDONDELA

*Pensa que debería aprobarse para este ano e revisar a fórmula para o vindeiro exercicio.*

*O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que el se expresou nos mesmos termos na comisión de Facenda ao facerse unha proposta similar á de anos anteriores. Pensa que o equipo de goberno non se entera de que está en minoría e ainda así non quiere negociar. Indica que nos últimos tres anos sempre foron ás presas e non entende de qué consellos parroquias fala a voceira do PP. Di que sempre propuxeron que os veciños decidiran a qué partidas orzamentarias podían aplicarse estes orzamentos.*

*O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que en AER non decide o que está na comisión, senón a asemblea e salienta que se hai orzamentos participativos é porque o propuxo AER no seu intre. Insiste en que debe haber unhas bases.*

*O concelleiro REGUERA OCAMPO di que hai fórmulas e non entende que leven xa catro anos e non as prantexaran. Pensa que os puntos de luz e as marquesiñas é algo serio pero hai que ir más alá e preguntaralles aos veciños polas súas necesidades. O seu voto é congruente co que xa dixerón nestes últimos anos.*

*A concelleira AMOEDO DASILVA di que non poden ir en contra do que decidiron os veciños no primeiro e segundo trimestre do ano pero agora dicenlle que non poden investir os cartos. Considera que non fan unha soa proposta. Di que se votan en contra quedarán sen gastar os cartos previstos para o ano 2015 e suliña que o anterior goberno soamente constituiría tres consellos parroquiais. Indica que son conscientes de que están en minoría pero o certo é que os veciños non van poder levar a cabo as obras aprobadas polos consellos.*

#### VOTACIÓN E ACORDO

*Sometido o asunto a votación, a proposta resulta rexeitada por maioría do concello Pleno, 9 votos a favor (9 do PP) e 11 en contra (6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG) e 1 abstención da concelleira non adscrita"... (...)*

Ao rematar a lectura, Don José Luis Riobó Gil pregunta si este ano se van a levar a cabo os orzamentos participativos ou non. A isto o Presidente contesta que este ano, non.



CONCELLO DE REDONDELA

Don Fernando Magdalena Blanco pregunta como é reparto xa que os consellos parroquiais non deciden o importe. A isto o Presidente di que a proposta a día de hoxe:

- 1) é lineal (13.000 € por parroquia).
- 2) A parroquia de Redondela non recibe aportación con cargo os orzamentos participativos.
- 3) A parroquia de Chapela recibe a mesma aportación: 13000€.

O Presidente di que habería que estudar a linealidade do reparto, xa que ó mellor sería máis eficaz un reparto inversamente proporcional á poboación ou directamente proporcional á poboación.

Dona Ana Santomé Santos di que se o que se cuestiona é a linealidade, pensa que o reparto non debería ser lineal, xa que hai que estudar as necesidades de cada parroquia.

A isto, a concelleira M<sup>a</sup> Xosé Barciela Barros di que é inviable que o reparto sexa non lineal xa que se unha parroquia quere máis, a outra quere o mesmo.

Dona Ana Santomé Santos e don Alvaro Ricón González din que deberían destinar unha porcentaxe máis alta dos presupostos ós orzamentos participativos, xa que a cantidade de 13.000€ é unha cantidade pequena... con esta cantidade non se poden facer moitos investimentos na parroquia: por exemplo, o Cño da Cabadexa necesita un investimento moi grande.

Don José Luis Grande Grande defende a postura do BNG no pleno do Concello de Redondela do 30 de xullo de 2015 dicindo: "quen goberna ten que decidir". Di que o reparto dos orzamentos participativos é unha decisión política e que o goberno ten que decidir porque unha parroquia leva más ou menos.

A isto, o Presidente responde que a decisión política si que se tomou pero que non foi adiante.

A isto, don Fernando Magdalena Blanco apunta que as decisións políticas sempre se toman pensando no benestar de cada parroquia.

Dona Digna Rivas Gómez defende a postura do PSOE no pleno do Concello de Redondela do 30 de xullo de 2015 dicindo que o seu partido, nos inicios dos orzamentos participativos, deu un



CONCELLO DE REDONDELA

voto de confianza... pero que a día de hoxe non cre neste proxecto xa que hai servizos que non deberían entrar nos orzamentos participativos, que debería facerse cargo o Concello co orzamento xeral, como se facía antes de que existisen os orzamentos participativos.

A isto o Presidente di que co presuposto xeral do Concello xa se gasta nas parroquias: iluminación, sumidoiro, asfaltados.. despois hai un 1% dese presuposto que se destina ós orzamentos participativos e é a propia parroquia quen decide en que se inviste.

Pon por exemplo, o sistema do Concello de Lugo de realizar investimentos con cargo os presupostos, xa que son os propios veciños, vía internet, os que fan propostas e os que voten as propostas más necesarias para o concello. Di que o concello de Redondela debería facer o mesmo.

Don Alvaro Ricón González di que vai pasar con ese 1% dos presupostos.

A isto, o Presidente di que se vai gastar noutras cousas.

Dona Ana Santome Santos pregunta se se ten algo previsto.

A isto o presidente di que non.

Dona M<sup>a</sup> Xosé Barciela Barros di que como no ano 2015 non se aprobaron os presupostos deste exercicio senón que seguimos cos prorrogados do exercicio 2014 non se poden facer investimentos nas parroquias.

Dona M<sup>a</sup> Xosé Barciela Barros di que non entende porque nas Comisións Informativas se absteñen e despois no Pleno votan en contra. ¡quen leva de perder son os veciños!

A isto, dona Digna Rivas Gómez di que nas Comisións Informativas se absteñen porque prefieren debater as propostas no pleno e despois decidir.

A continuación pásase o seguinte punto da orde do dia que é: As obras de saneamento da parroquia de Trasmañó.



CONCELLO DE REDONDELA

A concelleira M<sup>a</sup> Xosé Barciela Barros toma a palabra dicindo que se fixeron os enganches dende o Centro Cultural ata a marquesiña do campo de fútbol. Di que había unha tubería de auga potable, que non se sabe quen a pagou.

A isto, dona Ana Santomé Santo di por qué se levantou a marquesiña. Dona M<sup>a</sup> Xosé contesta que foi para facilitar o traballo, ó rematar volverá o seu sitio.

A concelleira continúa dicindo que se fixeron obras ata o Cño da Cabadexa: ata o camiño hai presión; de aí para arriba, non. Hai solución do Centro Cultural ata o Cño da Cabadexa pola Leira do Muiño. No cruce da Cabadexa ata o parque infantil non hai presión: necesítase un bombeo.

A concelleira di que os que queiran enganchar auga o poden facer ata o convento, pero que Aqualia non quere facerse cargo. Non hai proxecto de distribución de auga potable.

Dona Carmen Cabaleiro Lago pregunta de onde ven esa auga. A concelleira di da Leira do Muiño (polo campo de fútbol de Chapela).

Quedan pendentes as obras de saneamento de:

- a) Toda a Cabadexa.
- b) Está parada todo o que baixa ata a Traída da Auga porque se necesita permiso do Concello de Vigo. Cando se teña o permiso, xa se fai.
- c) En Cabanas, quedan unhas casas
- d) Rande e San Vicente. En Rande hai casas que teñen un enganche vello pero non se sabe a onde verten. Como non hai saídas non se pode comenzar.

O presidente apunta que as obras estiveron ininterrompidas porque houbo algunas empresas que se extinguiron e houbo que comenzar de novo.

Dona M<sup>a</sup> Xosé Barciela Barros di que frente a Vieirasa o bombeo non funcionaba e houbo que por válvulas de retorno.



CONCELLO DE REDONDELA

Hai que facer dos proxectos:

- a) Da Cabadexa ata o final.
- b) Os enganches do Colexio Vigo.

Dona Digna Rivas Gómez di que as 4 casas que hai por debaixo do Centro Cultural: pódese facer un bombeo ata o Centro Cultural.

A isto o Presidente di que non é a solución porque se o día de mañá hai novas vivendas hai o mesmo problema.

M<sup>a</sup> Xosé di que hai que pór a andar as saídas e por en marcha os que xa están conectadas. As que quedan pendentes subsanan sobre a marcha.

Quedaría pendente un proxecto que vaia a Cabanas.

Dona Carmen Cabaleiro Lago di que vai pasar pola Buxaca por dentro: M<sup>a</sup> Xosé di que se podería levar polo río Maior. A isto don Alvaro Ricón González di que se vai entubado non debería perder.

A continuación, pásase a seguinte punto da orde do dia: Presentación de propostas para o cambio de finalidade do Colexio de Trasmañó.

O Presidente comeza dicindo que hai que darlle unha solución. O Goberno ten 2 propostas:

- a) Para temas sociais para a parroquia.
- b) Cederlo a empresa Meigarco: empresa adicada o tiro con arco.

A continuación, don Fernando Magdalena Blanco di que se podería adicar a un centro forestal. Trae un proxecto que o vai presentar polo Rexistro Xeral do Concello.

Dona Ana Santomé Santos, di que pasaría co mantemento do centro. Pregunta se o quiere o Centro Cultural quen se faría cargo do mantemento do edificio e más do persoal que estivera prestando servizos no centro.



CONCELLO DE REDONDELA

A isto, o Presidente contesta que se é multifuncional, farase cargo o Concello.

Dona Ana Santomé Santos, en representación das Asociacións Culturais di que teñen que convocar unha Asemblea Xeral e que os veciños propoñan e decidan. Unha vez que sepan algo, comunicarase do decidido.

Dona Digna Rivas Gómez pregunta por qué non se fixo o Centro de Día

Don Fernando Magdalena Blanco pregunta: ¿quen decidiu o do Centro de Día? ¿alguén preguntou se se quería facer un Centro de Día? ¿Foi por decisión política? ¿non habería de pasar o mesmo que no Centro de Día de Cesantes?

A isto, dona Ana Santomé Santos di se as características da poboación do Concello de Redondela non precisan dun Centro de Día

Ante esta postura, o Presidente di que probablemente en Redondela si se necesita un Centro de Dia.

Dona Digna Rivas Gómez apunta que si que é necesario porque moita xente deixou de traballar para atender ós seus maiores.

Don J. Luis Grande Grande di que o seu partido non se opón a que haxa proxectos e que se leven a cabo.

Don Fernando Magdalena Blanco propón que cada asociación presente as súas ideas , que se convoque unha Asemblea Xeral de todos os veciños da parroquia para que se vote a proposta más axeitada e se vexa se é viable ou non.

O presidente di que hai colectivos e asociacións de Redondela que sí están interesados no centro.

Don Alvaro Ricón González di que antes de darlle a un clube e que o manteña ó concello, prefire que se adecúe o parque infantil e as pistas deportivas e que sexan utilizados polos veciños da parroquia.



CONCELLO DE REDONDELA

Ante isto, o presidente di que se decirá en futuras sesións.

A continuación, pasamos o derradeiro punto da orde do día que é o de: Varios.

- 1.- Dona Ana Santomé Santos pregunta que pasa coa Escola Infantil de Chapela. A isto o presidente di que está parado ata que haxan os terreos para facelo. Hai unha previsión de que en 2 anos estará rematada.
- 2.- Don J. Luis Riobó Gil di que hai que arranxar o camiño do Coto.
- 3.- Don Fernando Magdalena Blanco traslada a petición dos veciños de que ós colectores que están ó lado do transformador se lle coloque unha plataforma na beiravía para colocalos (fóra da estrada).
- 4.- Don Fernando Magdalena Rodríguez insiste en comprar o terreo para que o Vitrasa poida dar volta. A isto a concelleira dona M<sup>a</sup> Xosé Barciela Barros di que neste momento ó principal e sacar adiante o saneamento e que non hai presuposto para comprar a finca. Dona Carmen Cabaleiro Lago di que a finca a expropie o Concello.
- 5.- Dona Ana Santomé Santos lembra que aínda non trouxeron un estudo dos traballos feitos en Trasmañó nos últimos 4 anos.
- 6.- Don Alvaro Ricón González pregunta que se vai facer no Camiño da Cabadexa. A isto, a concelleira M<sup>a</sup> Xosé contesta que o que está no proxecto: muros e asfaltar. Dona Ana Santomé Santos pregunta que prazo hai. O que lle responde a concelleira M<sup>a</sup> Xosé que non o sabe neste momento.
- 7.- Don Fernando Magdalena Blanco pregunta se se asinou algúun convenio para limpar a ruta do Monte Penide, xa que só se limpou a Mámoa do Rei. A isto o presidente contesta que se limpou nos últimos días. Tamén pregunta pola Poza da Lagoa, o que contestan que tamén se limpou.



CONCELLO DE REDONDELA

8.- Don Fernando Magdalena Blanco di que hai que sinalizar o Camiño de Santiago que pasa por Trasmañó. A isto, o presidente di que vai a velo.

9.- A concelleira M<sup>a</sup> Xosé pregunta quen son os propietarios das fincas lindantes coa estrada que sube ó Centro Cultural. O presidente di que é necesario identificar ós propietarios. Don Fernando Madgalena Blanco di que se corten ás árbores que así aparecen os donos. Don Fernando Magdalena Rodríguez propón que se publique un bando ou anuncio no Faro de Vigo para obrigar ós propietarios lindantes coa estrada que sube ó Centro Cultural que corten as árbores.

O presidente di que nos próximos días recibirán un escrito, vía correo electrónico ou correo postal, coa proposta por parte do equipo de goberno do Concello da modificación do Regulamento dos Consellos parroquiais. Ademais, recibirán información sobre a xuntanza a celebrar no Multiusos da Xunqueira o xoves, 5 de novembro de 2015, sobre "O compostaxe doméstico". Suliña que as liñas a seguir pola Concellería de Medio Ambiente son:

- a) Compostaxe doméstica.
- b) Compostaxe comunitaria.
- c) Recollida selectiva de material orgánico.

Dona Ana Santomé Santos pregunta se son Xornadas de Formación. O presidente contesta que son propostas que fai o Concello no tema.

Dona Ana Santomé Santos pregunta por qué non se fai tamén en Chapela. A isto, o presidente contesta que éstas son xornadas únicas. Posteriormente, fáranse talleres nas parroquias para incentivas á xente á apoiar o proxecto.

E, non sendo outro o obxecto da presente reunión, pola Presidencia dáse por rematada esta, sendo as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, esténdese a presente acta, da que, como Secretaria, DOU FE.-

O PRESIDENTE  
MIGUEL A. ALVAREZ BALLESTEROS

A SECRETARIA  
M<sup>a</sup> BELÉN RODRÍGUEZ LÓPEZ